

TES QUE SABELO!



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

AÑO 2 - NÚMERO 8
XUÑO 2018

Editado polo Grupo Municipal
do BNG

Rúa Leicures, 14-1º
36680 A Estrada
aestrada@bng.gal
618790646

bngdaestrada.wordpress.com
twitter.com/bngdaestrada
facebook.com/bngdaestrada

**O BNG DA ESTRADA
DENUNCIA O ESTADO
TERCEIROMUNDISTA DOS
CADROS ELÉCTRICOS DO
ALUMEADO PÚBLICO**

**O BNG PIDE A IMPLICACIÓN
DO ALCALDE PARA
MELLORAR A SEGURANZA
VIAL DA N-640 E A
CONEXIÓN COA PO-2016 EN
GUIMAREI**

Páxina 2 >>

O CONCELLO VERTE AUGA CONTAMINADA AOS RÍOS DO CONCELLO



Militantes do BNG entregando auga contaminada no rexistro do concello

XOSÉ MAGARIÑOS: “A ESTRADA PODERÁ PRESUMIR DE ALAMEDA, PERO NON PODERÁ PRESUMIR DE TER SANEADO O RURAL E DE TER UNS SISTEMAS DE DEPURACIÓN EFICIENTES”

O portavoz municipal do BNG, Xosé Magariños, acompañado de militantes da organización nacionalista entregaron no rexistro do concello auga contaminada recollidas nos Bolos (Lagartóns), na praia fluvial de Liñares, en Figueiroa, Codeseda e tamén en Guimarei, onde é o propio concello o que verte directamente os seus residuos ás cunetas da parroquia.

Magariños, explicou que “non é a primeira vez que facemos unha chamada de atención sobre o sistema de depuración da Estrada para alertar da súa ineficacia, mais desta volta quixemos ir máis alá e traemos directamente ao concello a auga contaminada que se verte directamente nos nosos ríos”.

“É lamentábel que os sistemas de depuración do concello estean nesta situación”, engadiu Magariños, “mais tamén o é que a meirande parte do noso rural non teña saneamento, mentres o goberno municipal vai gastar 3.300.000 euros na ampliación da Alameda”.

O concelleiro nacionalista afirmou que “é evidente que hai outras prioridades, e mellorar o saneamento da vila e ampliar ao 100% das parroquias é a prioridade número un, e é a asignatura pendente deste goberno municipal do PP”.

O BNG DA ESTRADA DENUNCIA O ESTADO TERCEIROMUNDISTA DOS CADROS ELÉCTRICOS DO ALUMEADO PÚBLICO



Veciños e veciñas de Berres, Barbude, Ribeira, Santo André de Veá e Ouzande puxeron en coñecemento do BNG da Estrada o perigo que supón o estado de evidente deterioro destas instalacións municipais que regula o fluxo eléctrico do alumeado público.

Segundo explicou o concelleiro do BNG, Xosé Magariños, que visitou algunha das parroquias antes mencionadas, “os cadros eléctricos presentan tal grao de deterioro que se ven caixas oxidadas, os machetes e cableado á vista e á intemperie dos elementos climatolóxicos, o que representa un serio perigo para as persoas, especialmente para os máis cativos que en moitos casos teñen acceso doado ás instalacións, co perigo que iso supón; tal e como están as estas instalacións mesmo poden provocar incendios se se dan as condicións axeitadas”.

“Isto é terceiromundista”, afirmou o concelleiro do BNG, “o alcalde véndenos unha estrada idílica, sustentábel e intelixente a través do EDUSI e os cadros eléctricos do alumeado público están sen mantemento desde hai décadas presentando un estado ruinoso”.

O ALCALDE TEN QUE IMPLICARSE PARA MELLORAR A SEGURANZA VIAL DA N-640 E A CONEXIÓN COA PO-2016 EN GUIMAREI

O pleno do concello da Estrada aprobou por unanimidade a iniciativa do BNG para que o goberno municipal faga as xestións oportunas co Ministerio de Fomento e a Deputación para mellorar a seguranza da N-640 e a conexión coa PO-2016 (A Estrada-Meavía) en Guimarei.

A N-640 soporta un importante fluxo de vehículos, un problema agravado pola falta da Variante, o que fai que ao seu paso polo casco urbano orixine un incremento das situacións de perigo especialmente para os peós. Mais é especialmente delicado o tramo que vai desde a escola de música até a rotonda das Colonias e a conexión coa PO-2016 (A Estrada-Meavía), onde non existe un só paso para peóns e o último semáforo non regula o cruce de viandantes. Esta situación é especialmente perigosa unha vez que entre en funcionamento a nova escola infantil e o novo centro de saúde.



A intersección en Guimarei co PO-2016 merece a urxente actuación do Ministerio de Fomento e da Deputación de Pontevedra, titulares da N-640 e da PO-2016 respectivamente, dotándoo de medidas de seguranza que garanta non só unha circulación de segura de vehículos, senón tamén de peóns.